



Propostas didácticas Primaria

Curso 2020 - 2021

DISPOSICIÓN PARA UNHA VISITA ESCOLAR SEGURA Ó MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

Coas novas medidas sanitarias e de seguridade pola COVID-19 o Museo de Belas Artes da Coruña establece as seguintes dinámicas relativas as visitas escolares:

- Os grupos escolares que nos visiten terán que ser sempre grupos de convivencia estable (“aulas-nido”): grupos estancos que cohabiten no espazo escolar das aulas. Deste xeito non recibiremos dúas aulas simultaneamente nin grupos compostos por particións de aulas.
- O número máximo establecido é de 30 persoas (contando cos/as profesores/as acompañantes). Se o grupo que nos visita é de máis de 20 persoas partirase en dous para facilitar o desprazamento polas salas do museo.
- As visitas durarán 1 hora e 15 minutos. Realizaranse en dúas quendas de mañán: ás 10:00 e ás 11:30. Deste xeito garantimos un tempo intermedio para que non haxa máis dun grupo de escolares coincidindo no espazo do museo. Pedimos así a máxima puntualidade.
- O grupo escolar terá que respetar a distancia de dous metros de calquera visitante ou traballador do museo.
- O alumnado e os/as responsables deberán levar a máscara durante toda a visita. En caso de que haxa algún caso individual no que exista unha xustificación de non levala por contraindicación médica o/a responsable do grupo terá que informar ó museo antes do día da visita.
- O/a profesor/a acompañante do grupo será en todo o momento responsable do cumprimento das normas e dinámicas aquí expostas.
- Ao entrar no Museo, o/a responsable do grupo se dirixirá ó mostrador para que se tome rexistro. Mentres se realiza este trámite o grupo deberá permanecer no espazo indicado polo persoal de atención ó público.
- As visitas serán dinamizadas alentando sempre a participación.
- Quedan suspendidos polo momento os talleres ou as dinámicas onde se manipulan obxectos.
- O servizo de consignas está fóra de servizo. Non se permite a entrada con bolsas, mochilas ou paraugas.



TÍTULO: ***O labirinto do minotauro***

TIPO DE VISITA: Visita dinamizada

NIVEL: 1º - 2º Primaria

DURACIÓN: 1h 15'

OBXECTIVOS:

- . Iniciarse e familiarizarse co mundo da arte e os museos
- . Reflexionar sobre a creación plástica dun xeito interdisciplinar vinculando arte, texto e tradición oral
- . Aprender a interpretar as obras de arte procurando os moitos significados das representacións
- . Fomentar a participación e o diálogo do grupo

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE: Neste percorrido, o alumnado dos primeiros cursos de primaria descubrirá a colección do museo a través dunha escolma de obras cun claro contido narrativo e fantástico. Moitos cadros agochan historias que, a simple vista, non chegamos a percibir; polo que é preciso observar cada detalle e analizar os elementos dos que a imaxe está composta.

Partiremos da tablilla do pintor flamenco Paul Rubens "*Dédalo e o minotauro*", que representa un dos episodios máis coñecidos do mito grego, para establecer un percorrido polo museo que servirá de metáfora do camiño que Teseo levou a cabo para escapar do labirinto cretense. Os escolares deberán desentrañar as narracións e as incógnitas ocultas nas obras do museo para poder realizar o noso percorrido como Teseo fixo no Labirinto de Creta.

As pinturas escollidas para este percorrido son obras de distintos estilos, épocas e xéneros artísticos. O noso percorrido nos levará por diversas aventuras con personaxes curiosos, lugares fantásticos e sitios comúns. Relfexionaremos sobre as percepcións que nos suxiren as obras e o motivo polo que están foron creadas.



TÍTULO: ***Habitando cadros***

TIPO DE VISITA: Visita dinamizada

NIVEL: 1º - 2º Primaria

DURACIÓN: 1h 15'

OBXECTIVOS:

- . Comprender que un cadro é, ademáis dun obxecto a admirar, un documento histórico que nos serve para achegarnos a outras épocas, lugares e costumes
- . Fomentar a autonomía dos alumnos e alumnas permitindo que expresen as percepcións que espertan neles as obras da colección
- . Promover a capacidade de observación, o debate e a escoita

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE: Esta visita, especialmente pensada para os alumnos e alumnas dos primeiros cursos de primaria, ten como fío conductor as escenografías dos cadros. Que pasaría se valeirásenos os cadros de personaxes e figuras? Que nos suxerirían? Reflexionaremos sobre eses lugares: reais, imaxinarios, concretos, abstractos, fríos, cálidos, familiares... para logo observar o cadro completo e poder identificar así a escena da que se trata. Como interactúan as figuras co espazo? É dentro ou fóra? Os personaxes van ou veñen? Ten importancia o fondo para comprender a escena? Que pasaría se cambiásenos o personaxe de cadro?

Durante este percorrido tamén traballaremos os xéneros artísticos, o estilo das obras e os motivos polos que foron feitas. Falaremos sobre a procedencia das pezas, o lugar onde estiveron antes de chegar á colección do museo, e reflexionaremos sobre o propio edificio no que nos atopamos: Fixéronse estas obras pensando en que nalgún momento se atoparían nun museo? Quedarían ben as pezas de arte barroco na túa habitación? Danos algunha pista da súa procedencia o tamaño dos cadros?



TÍTULO: ***Os obxectos falan***

TIPO DE VISITA: Visita

NIVEL: 3º - 4º Primaria

DURACIÓN: 1h 15'

OBXECTIVOS:

- . Familiarizarse co museo e coñecer as súas principais funcións: coleccionar, conservar e exhibir
- . Reflexionar sobre o concepto de patrimonio, memoria e cultura dun xeito ameno e participativo
- . Promover no alumnado a valoración cara as diferentes expresións artísticas antigas e modernas
- . Fomentar a capacidade de observación e análise da obra de arte
- . Potenciar a idea do museo como unha opción para o tempo de lecer

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE: *Os obxectos falan* é unha visita plantexada para os alumnos de terceiro e cuarto de primaria na que nos centraremos nos obxectos que temos no museo e que aparecen representados nos cadros.

Partindo da obra *O Gabinete do coleccionista* de Frans Francken II, coñeceremos as distintas artes e os xéneros pictóricos. Achegarémonos ao concepto de patrimonio e reflexionaremos sobre a prevención, coidado e conservación do noso. Que é unha colección? Como xurde un museo? Quen é o dono ou a dona das pezas que estamos a ver? Como chegaron estas obras de arte ao museo? Quen podería desfrutar do cadro da nosa colección fai catrocentos anos? Serán estas algunhas das preguntas ás que trataremos de dar resposta entre todos e todas.

A idea de colección nos servirá para reflexionar sobre a importancia que habitualmente lle outorgamos aos obxectos, aínda que moitas veces estes non teñan ningún tipo de valor económico e soamente nos interesen polo seu valor sentimental.

Aproveitaremos a abondosa colección do museo para descubrir obras de distintos períodos e estilos, centrándonos especialmente nos obxectos que aparecen representados. En ocasións se trata de simples obxectos funcionais que contextualizan a obra, pero outras veces son eles os que nos fan comprender a narración ou mensaxe do cadro. Hai outros exemplos onde os obxectos serven como atributo para identificar aos personaxes que aparecen nos cadros e, noutras ocasións, estes teñen un carácter simbólico.

Veremos tamén todos aqueles obxectos decorativos ou funcionais que forman parte da colección do museo: escribanías, abanos, miniaturas, mobles, moedas... e reflexionaremos sobre os seus posibles usos.



TÍTULO: ***Que quero ser de maior?***

TIPO DE VISITA: Visita dinamizada

NIVEL: 3º - 4º Primaria

DURACIÓN: 1h 15'

OBXECTIVOS:

- . Apreciar a visita ao museo como unha experiencia estimulante e significativa
- . Fomentar a capacidade de observación e de análise da obra de arte
- . Descubrir, a través da arte, como o mundo do traballo foi evoluíndo ao longo do tempo
- . Reflexionar sobre a perda de moitos dos oficios tradicionais que se levaban a cabo manualmente
- . Analizar o papel da muller traballadora en Galicia e reflexionar sobre a necesidade dunha igualdade entre homes e mulleres

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE: Esta visita dinamizada está orientada aos estudantes de 3º e 4º de primaria e ten como fío conductor o mundo do traballo e a súa representación na arte. A colección do Museo de Belas Artes conta con numerosos cadros de xénero costumista e, en moitos deles, vemos homes e mulleres realizando a súas tarefas diarias. Arrieiros, obreiros, mariscadoras, labregos e labregas... escenas cotiás que nos amosan distintas labores e oficios, algúns deles hoxe en desuso ou en proceso de desaparición.

A temática dos oficios na arte nos servirá para facer un percorrido pola historia e a historia da arte, percibindo os cambios sociais e políticos e tamén as mudanzas plásticas que houbo ao longo do tempo.

Existiron sempre os mesmos traballos? Tivo a muller, historicamente, os mesmos dereitos laborais que o home? Podemos considerar oficio facer as tarefas do fogar?

Que profesións actuais non existían fai un século? Que supuxo a chegada da industrialización no ámbito laboral? Que oficios se perderon ou se están a perder actualmente por mor da chegada da tecnoloxía? Que aspectos positivos e negativos causa este fenómeno? Ao longo da nosa visita tentaremos ir dando resposta e debatindo sobre todas estas cuestións.

Comezaremos a nosa andaina observando retratos antigos onde se nos mostran soldados, nobres, reis e raíñas; para posteriormente ver aqueles que nos achegan ao mundo da creación: representacións de artistas plásticos, escritoras, músicos... descubriremos como moitos oficios, incluíndo o de artista, se transmitían de pais a fillos. Remataremos o noso percorrido vendo cadros costumistas que nos mostran o mundo do traballo dunha Galicia non tan lonxana á actual.



TÍTULO: ***Imaxinando un museo***

TIPO DE VISITA: Visita dinámica

NIVEL: 5º - 6º Primaria

DURACIÓN: 1h 15'

OBXECTIVOS:

- . Familiarizarse co mundo dos museos e coñecer as súas principais funcións
- . Aproximarse ás diferentes técnicas e estilos artísticos, atendendo á súa evolución ao longo do tempo
- . Coñecer e diferenciar os diferentes xéneros pictóricos: retrato, costumismo, paisaxe, bodegón... e as motivacións que levaron aos artistas a traballar estes temas
- . Descubrir as historias que os cadros contan, comprendendo o contexto no que xurden
- . Aprender a valorar a cultura e o patrimonio

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE: Neste percorrido de carácter xeral, invitamos ao alumnado de 5º e 6º de primaria a coñecer mellor o mundo do museo e as coleccións. Presentaremos o Museo de Belas Artes como institución, profundizando nas diferentes funcións e a importancia de conservar e transmitir a cultura de todos e todas. Cando xurden os museos? Quen é o dono das obras que se atopan aquí? Como se fai unha exposición? Onde estaban estes cadros antes de chegar ao museo? Por que foron feitas estas obras de arte? Reflexionaremos sobre estas e outras preguntas, dando resposta a todas elas dun xeito ameno e participativo.

Trazaremos un percorrido polo museo que nos levará desde o realismo e o dramatismo da arte barroca ate o estilo máis libre e xestual das vangardas do século XX; aprenderemos a diferenciar e apreciar os distintos estilos e técnicas artísticas e veremos todos aqueles obxectos máis funcionais e utilitarios que forman parte da colección: moedas, abanos, xoias, etc.



TÍTULO: ***Próxima estación: museo***

TIPO DE VISITA: Visita dinamizada

NIVEL: 5º - 6º Primaria

DURACIÓN: 1h 15'

OBXECTIVOS:

- . Apreciar a visita ao museo como una experiencia estimulante e significativa
- . Fomentar a capacidade de observación e de análise da obra de arte
- . Reflexionar sobre o concepto de patrimonio, memoria e cultura, dun xeito ameno e participativo
- . Promover no alumnado a valoración cara as diferentes expresións artísticas antigas e modernas
- . Comprender que un cadro é, ademais dun obxecto a admirar, un documento histórico que nos serve para achegarnos a outras épocas, lugares e costumes
- . Coñecer distintos formatos á hora de representar un espazo físico

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE: *Próxima estación: museo* é unha visita orientada aos últimos cursos de educación primaria. Nela, plantexaremos o percorrido do museo como unha viaxe no tempo e no espazo.

Moitos dos creadores das obras da nosa colección foron artistas viaxeiros que representaron aqueles emplazamentos polos que pasaron ao longo das súas etapas vitais; sitios cercanos, exóticos ou característicos que nos poden achegar á realidade dun tempo e dun lugar.

Visitaremos distintos recunchos da cidade da Coruña e algunhas rexións da península, desplazaremos a outros países e continentes do mundo, visitaremos aqueles lugares fantásticos que xurdiron da imaxinación dalgúns dos nosos creadores e compartiremos cal é a nosa visión subxectiva dun paraíso.

Traballaremos conceptos como a paisaxe natural e a paisaxe intervida, o urbano e o rural, o traxecto e o turismo... e veremos como existen moitos xeitos de representar un espazo e como ese espazo pode suxerir en nós distintas emocións e percepcións.

Dun modo lúdico e transversal traballaremos coa arte, a xeografía e a cartografía e descubriremos como as veces podemos viaxar sen movernos dun punto xeográfico.